

Os comercios do barrio:

Restaurante de Carmen
Arribadas, 9

Jacobo Torreiro Pampín
Avda. Ferrol 54 -1ªA

Xestiona
Avda. Ferrol 77

PC Box
Avda. Ferrol, 11

Monkey Bar
Avda. Ferrol, 13

Vorwerk thermomix
Avda. Ferrol, 15

Olga Loroño Clinica Dental
Avda. Ferrol, 23

Iberdrola
Avda. Ferrol, 27

Mafre. Seguros
Avda. Ferrol, 27

Inmobiliaria Luis Alonso
Avda. Ferrol, 33

Mc Prevencion
Avda. Ferrol, 37

Froitas León
Avda. Ferrol, 40

Como En Casa
Avda. Ferrol, 40

B&B Asesores
Avda. Ferrol, 41

MtmOpticos
Ávda. Ferrol, 42

Manuel Caamaño Freire
Avda. Ferrol, 43

Arcos 2
Avda. Ferrol, 46

Loterías y apuestas del Estado. Admon. 13
Avda. Ferrol, 46

Farmacia Rosario Rodríguez Pérez
Avda. Ferrol, 46

Hedra Peluquería
Avda. Ferrol, 46

Centro Clinico Dental Compostela
Avda. Ferrol, 48

Panadería Pastelería Mario
Avda. Ferrol, 48

Patmer. Admon. de fincas
Avda. Ferrol, 48

Consultores Patao
Avda. Ferrol, 48

Fem & Body
Avda. Ferrol, 48

María Luisa Arosa Barbeira.
Abogados
Avda. Ferrol, 48 - 1ªA

Restaurante Barrigola
Avda. Ferrol, 54

Restaurante Ana
Avda. Ferrol, 7

Sabín Abogados
Avda. Ferrol, 7 - 4ªA

Peluquería Tendencias
Avda. Ferrol, 77

Peluquería Tendencias M&E
Avda. Ferrol, 77

Inmobiliaria Julio Gerpe
Avda. Ferrol, 9

Arte Sana. Gastrobar
Avda. Ferrol, 9

Grúas Doniz
Avda. Pontevedra, 45

Parrillada La Fuente
Avda. Pontevedra, 48

Creative Nail
Avda. Vilagarcía, 24

Redesyl
Avda. Vilagarcía, 24

Julio Gerpe Inmobiliaria
Avda. Vilagarcía, 26

e-Computer
Avda. Vilagarcía, 26

Eleká Belleza
Avda. Vilagarcía, 28

O Agro galego
Avda. Vilagarcía, 28

Disfraces Teu Lar
Avda. Vilagarcía, 29

Panadería M. Moure
Avda. Vilagarcía, 30

Pan Cervela
Avda. Vilagarcía, 31

Clinik Pharma
Avda. Vilagarcía, 31

Lavandería Tintorería Lobato
Avda. Vilagarcía, 32

Mª José Bouzas Louzao.
Arquitecto
Avda. Vilagarcía, 34

Café Sol
Avda. Vilagarcía, 34

Therese Berthehrat.
Antigimnasia
Avda. Vilagarcía, 35

Carnicería Camilo
Avda. Vilagarcía, 36

Puntada a puntada
Avda. Vilagarcía, 36

Domohomo. Arquitectos
Avda. Vilagarcía, 38

Peixería Ría de Muros
Avda. Vilagarcía, 38

Farmacia Novoa Viso
Avda. Vilagarcía, 38

ATV Motor
Avda. Vilagarcía, 30

Eureco Galicia. Servicios integrales de traducción
Banquete de Conxo, 1

Sdweb
Banquete de Conxo, 10

Jorge Pereira Costa.
Economista
Banquete de Conxo, 2

Cativos
Banquete de Conxo, 3

Punto de partido
Banquete de Conxo, 8

Talleres Castmart
Benéfica de Conxo, 16

Televés
Benéfica de Conxo, 17

Gycsa
Benéfica de Conxo, 18

Talleres Rivas
Benéfica de Conxo, 34

A da Chara
Campo de Conxo, 134

Pulperia Fuentes
Campo de Conxo, 5

Café Bar Caiman
Campo de Conxo, 7

Autoservicio Conxo
Campo de Conxo, 8

Pescados y mariscos Mari Carmen
Campo de Conxo, 8

Meridiano Seguros
Campo de Conxo, 9

Pinturas Proa
Doutor Maceira, 11

Peluquería Edpi
Doutor Maceira, 11

Araceli González Vila.
Avogada.
Doutor Maceira, 11, 2ºD

Electrónica Sánchez
Doutor Maceira, 12

Café bar A Pía
Doutor Maceira, 14

Patucos & Co.
Doutor Maceira, 15

Meson Pico Sacro
Doutor Maceira, 20

Café Bar Higo Azul
Doutor Maceira, 22

Cerrajería Conxo
Doutor Maceira, 23

Trellabadas
Doutor Maceira, 24

Foto Estudio Santamarina
Doutor Maceira, 24

Xiria. Centro de fisioterapia
Doutor Maceira, 6

Café bar Pato Rojo
Doutor Maceira, 6

Proyetsa
Doutor Maceira, 8

Talleres Marlo
Fontecova, 5

Reset. Entrenamiento personal
García Prieto, 1, Enplt.8

C y C Fisioterapia
García Prieto, 27-29

Viaxes Costa Este
García Prieto, 1

Correos
García Prieto, 12

Eventoss. Moda y flores
García Prieto, 14

Lavandería Xoaniñas
García Prieto, 16

Kone
García Prieto, 18

Estanco de Cornes
García Prieto, 2

Klima Electodomeesticos
García Prieto, 2

Nor Integra. Centro especial de empleo
García Prieto, 23-25

Inmobiliaria J. Romay
García Prieto, 27-29

Foco. Centro de Psicología
García Prieto, 3, entrechan A

SG Iso
García Prieto, 3, entrechan C

C&C Llongueras. Academia de peluquería y estética
García Prieto, 30

Peluquería Rosa Mª Saborido
García Prieto, 30

Café bar Deja Vú
García Prieto, 33

Gaia Enxenería
García Prieto, 33

Pastelería Carlisa
García Prieto, 33

Pais Muebles
García Prieto, 4

Clinica dental LSA
García Prieto, 45, 1ºB

Breogán Servicios
García Prieto, 47

Step. Marketing y publicidad
García Prieto, 5

Beer Lab
García Prieto, 51

Composnet
García Prieto, 52

Snoopy Escola Infantil
García Prieto, 53

Café Noya
García Prieto, 57

Protecna
García Prieto, 58

Ferretería El Horreo
García Prieto, 62

Tapicería y decoracion David Alvarez
García Prieto, 66

Xurxo Lopez Peluqueros
García Prieto, 66

Eurolingua. Centro de Idiomas
García Prieto, 7

Acer. Centro Asesor
García Prieto, 7

Globus
García Prieto, 8

Centro de ensino Deka
José Ángel Valente, 15

Cesoga
José Ángel Valente, 5

Fisioestetic
José Ángel Valente, 9

Espacio Lector Nobel
José Pasín, 2

Café Bar Os Mallos
José Pasín, 2

Rainbow
José Pasín, 8

De-Zero Consultoría Integral
Luis Freire, 6

Ames Formación
Luis Freire, 6

La casa de Koli
Manuel Beiras, 13

Clinica O'Nay
Nosa Sra. da Merced de Conxo, 1

BLP Arquitectura
Nosa Sra. da Merced de Conxo, 1

Ager
Nosa Sra. da Merced de Conxo, 1

Vía Láctea Comunicación
Nosa Sra. da Merced de Conxo, 6 - 1ºC

Axa Seguros
Nosa Sra. da Merced de Conxo, 7

Arrumacos
Nosa Sra. da Merced de Conxo, 7

Dermatología Veterinaria
Nosa Sra. da Merced de Conxo, 8

Aktual. Beauty Club
Nosa Sra. da Merced de Conxo, 9

Café Bar News
Penedo, 1

Divina Pastora Seguros
Penedo, 2

Cid Ribadulla Arquitectos
Penedo, 30

Frutería Toni
Penedo, 4

Kristal Protésicos
Penedo, 8

Talleres Sougar
Ponte da Rocha, 17

Cubiercom
Ponte da Rocha, nave 3

Colegio Santa Apolonia
Poza Real de Abaixo, 5

Peluquería Montse
Poza Real de Arriba, 32

O Equipo. Somos comunicación
Ricardo Bescansa, 2

Cervecería Marló
Ricardo Bescansa, 3

Tapicería J. Rozas
Ruela Rial, 16

Cristina Fernandez Gutierrez.
Arquitecto
Sánchez Freire, 35-43

Colectivo Danzón
Sánchez Freire, 105

Serinec Asesores
Sánchez Freire, 16-20

Porto e Lorenzo
Sánchez Freire, 2

Filmate
Sánchez Freire, 26

Ferretería Franqueira
Sánchez Freire, 46-48

Fontanería Consa
Sánchez Freire, 49-53

Dentalio. Protésico dental
Sanchez Freire, 5

Forhermo
Sánchez Freire, 58

Bichos
Sánchez Freire, 62

Farmacia Quintero Castro
Sánchez Freire, 64

Tapicería y Decoración David Alvarez
Sánchez Freire, 65

Miryam Garcia Belleza
Sánchez Freire, 65

Zardoya Otis
Sánchez Freire, 69

Bersus Rallie Sport
Sánchez Freire, 71

A Casa das Linguas
Sánchez Freire, 78

Bazar De todo
Sánchez Freire, 81

Casa Pajueira
Sánchez Freire, 81

Comercial Sumian
Sánchez Freire, 88

Estanco, nº 30
Sánchez Freire, 90

Redondo Motor
Torrente, 16

Tesel
Torrente, 42

Salón Franqueira
Torrente, 44

Farmacia García-Montón
Torrente, 55

Bar O Peñon
Viaducto da Rocha 32

Congelados Pais / Cash & Carry GranSol
Viaducto da Rocha s/n

Doi Fruterías
Viaducto da Rocha s/n

Marisquería El Puente
Viaducto da Rocha, 11

Yañez. Concesionario Oficial Volkswagen
Viaducto da Rocha, 30

Hostal Balboa
Viaducto da Rocha, 8



Barrio de Conxo



(re)
**VIVE
o
BARRIO**

Barrio de Conxo



O barrio de Conxo é só unha parte da parroquia dese nome, pero representa o seu corazón e é o seu referente. Aquí se sitúan o mosteiro e a vella estación de Cornes que sinalan os fitos máis senlleiros da súa historia. Esta desenvólvese a partir dos pequenos casaríos medievais espaxados nos camiños que unían Compostela co mosteiro e este coas aldeas do val do Sar.

De vocación agraria e artesán, en Conxo agromou no século XIX, ao fio da capitalidade municipal e do ferrocarril, un núcleo urbano moi dinámico cuxa traza aínda pode albiscarse no eixe conformado polas rúas García Prieto e Sánchez Freire e no Campo de Conxo.

Alí perduran non só o rueiro e algunhas construcións antigas senón tamén o bulebulé dos pequenos negocios e obradoiros, tan tradicionais aquí, e que gardan aínda hoxe a esencia deste barrio e das súas xentes.

1 Casa Consistorial de Conxo

O Concello de Conxo desenvolveu o seu núcleo administrativo na chamada “rúa de Conxo”, no lugar de Cornes, pois era o máis poboado. Aquí, entre a súa constitución e desaparición (1835-1925) tiveron a súa sede as principais actividades políticas e económicas dun municipio que chegou a roldar os 10.000 habitantes e tiña unha economía diversificada. Malia a súa vocación agraria (incluía boa parte do rural sur e leste de Santiago), había obradoiros e pequenos e medianos emprendementos industriais e comerciais orientados aos mercados urbanos compostelán e galego.

2 Lavadoiro de Cornes

O antigo núcleo de Cornes-Rúa de Conxo tivo a súa principal fonte de abastecemento de augas nunha poza alimentada polas surxentes dos Campos de Ramírez. O crecemento desta zona contra 1900 fixo insuficiente esta subministración, tanto para a auga potable como para o traballo das lavadeiras. Dentro dun plan de lavadoiros para todo o concello, foi construído este, no que priman a funcionalidade e o tamaño para dar servizo de proximidade, tanto para a auga como para o lavado.

3 Estación de Cornes

Este edificio é hoxe o testemuño máis visible do ferrocarril compostelán da Infanta dona Isabel, que uniu Santiago e Conxo co mar, no porto de Carril desde 1873, e con Castela, por Pontevedra e Redondela, desde 1899. O tren revolucionou o transporte e a economía da comarca e deu soporte a moitos negocios como a exportación de gandos cara a Inglaterra, a distribución de mercadorías, etc. Con-

verteu a Conxo na porta de Compostela, xa que ata aquí chegaban produtos e oportunidades de crecemento así como autoridades e visitantes ilustres.

O feito de que o ferrocarril compostelán non rematase en Compostela foi sempre motivo de debate no concello capitalino, que quería prolongar a liña ata o seu territorio. A disputa solucionouse cando Conxo foi anexionado ao municipio santiagués en 1925.

4 Tradición e modernidade

Un paseo polo eixe García Prieto-Sánchez Freire abre unha xanela que permite entrar na historia de Conxo e na súa transformación contemporánea. Por unha banda, están as novas vivendas que substituíron as antigas, pero que foron dispostas ao longo do antigo rueiro, a chamada “Rúa de Conxo”. Entre as novas construcións, aquí e acolá, algunhas casas tradicionais e elegantes construcións da primeira metade do século XX -unha das cales aínda conserva un pequeno xardín de aire andaluz agochado a primeira vista- que permiten albiscar como foi o barrio noutro tempo.

A toponimia tampouco pasa desapercibida, pois máis que noutros lugares da cidade consérvase aquí a pegada da paisaxe antiga pero tamén a memoria das xentes doutro tempo: Monte de Conxo, O Penedo, Antonio Maceira (médico municipal e loitador anticaciquil), Manuel García Prieto (deputado do distrito), Timoteo Sánchez Freire, Aurelio Aguirre, o Banquete de Conxo, etc.

5 O Banquete de Conxo

Noutro tempo, os banquetes e funerais servían tamén como escusa para os encontros de perfil político. Organizado polo poeta Aurelio Aguirre tivo lugar en 1856 na carballeira do desamortizado mosteiro de Conxo un soado encontro que proclamou a fraternidade e igualdade de obreiros, artesáns e estudantes. A el asistiron, entre outros, Eduardo Pondal e Luis Rodríguez Seoane. Este acto interclasista e de fondo contido igualitario foi considerado subversivo polas autoridades da época, que chegaron a ameazar con graves penas os participantes, e xerou unha enorme polémica social e política en Galicia. Non obstante, visto desde a perspectiva actual constituíu un fito senlleiro da nosa historia e marcou en moitos aspectos o inicio da Galicia contemporánea.

6 O mosteiro de Santa María de Conxo

Segundo a tradición foi fundado polo bispo Xelmírez sobre unha casa de oración que fundara Roswinda, dama nobre de Picardía. O arcebispo dotou o novo convento e consagrou a súa igrexa en 1129, sendo a primeira comunidade monástica feminina moderna de Galicia. Porén, a súa vida medieval é escura pois apenas hai documentos sobre ela. As monxas acabaron incorporándose a San Paio de Antealtares. Daquel tempo, consérvase unha fermosa Piedade, gardada na capela do Cristo, da primeira metade do s. XV. Os mercedarios entraron no convento no tempo do arcebispo Fonseca II, para realizar unha fundación pioneira, neste caso a primeira da súa orde en Galicia. Con todo, ata o século XVII non comezou o arranxo e ampliación do edificio, que se demoraría longo tempo. Por esta razón, tanto na arquitectura como nos retablos podemos atopar intervencións dos séculos XVII e XVIII.

A Capela do Cristo é o espazo máis sinalado, por ser obra de talentosos mestres como Gregorio Fernández, da talla que a preside, e Simón Rodríguez, dunha arquitectura que deu aos muros pétreos unha plasticidade singular. Pola súa vez, Rodríguez e o entallador Manuel de Leis déronlles forma aos retablos.

7 Hospital Psiquiátrico

O tratamento das doenzas mentais foi ao longo da historia un asunto complexo. O de Conxo foi o primeiro proxecto galego orientado a este fin. Fundouse no século XIX, seguindo as teorías e pautas que se propoñían nese tempo noutros lugares do Estado e de Europa. O Hospital abriu en 1885 e foi xestionado ata 1969 por un padroado; nese ano foi adquirido pola Deputación e recentemente incorporouse ao SERGAS.

Este centro é un referente na historia da psiquiatría e da medicina galegas, malia que a súa xestión foi sempre complicada polas dificultades de cadrar os orzamentos (era entidade privada), polos prexuízos sociais cara aos doentes e polas dificultades inherentes á unha praxe médica que se transformou radicalmente nos últimos cen anos. Á súa fronte estiveron grandes profesionais como T. Sánchez Freire, F. Bacariza Varela ou B. Lois Asorey.

8 Asociación “La Benéfica” de Conxo

Fundada en 1902, inaugurou a súa sede na estrada da Rocha en 1917. A Benéfica foi unha entidade crucial no benestar e sociabilidade desta parroquia, ao fornecer a cambio dunha pequena cota acceso a servizos médicos e cultura aos seus socios, nun tempo no que os Estados delegaban nos axentes sociais a resolución destes temas. Desde o seu nacemento foi un eixo fundamental da vida social e cultural da parroquia.

9 Torrente

Este é un lugar antigo, citado xa na documentación medieval, cando a súa paisaxe estaba conformada por hortas, agras e xesteiras e un monte veciñal que chegou a tempos recentes. Ao seu redor xurdiron pequenos lugares como A Fontecova ou a Braña, que hoxe están unidos a Torrente sen solución de continuidade. A construción da Ponte Nova da Rocha e do ferrocarril deu pulo ao crecemento deste lugar, que acadou unha centralidade e proximidade ás vías de comunicación que antes non tiña.

A partir de entón, novas vivendas -dese estilo característico das primeiras décadas do s. XX- uníronse ás antigas e o que era un conxunto de casas, coa súa eira diante, hórreos e alpendres de pedra e madeira, comezou a modificarse e tomar a forma que hoxe recoñecemos.

10 Ponte da Rocha

Varias pontes cruzaban historicamente o río Sar na parroquia de Conxo. A máis importante era, sen dúbida, a Ponte da Rocha, pois por ela pasaba o camiño que unía Santiago cos portos e cidades do sur de Galicia. Estaba situada nas inmediacións do castelo, na contorna do actual viaduto. A reforma integral da actual estrada N550, que se fixo a finais do s. XIX, supuxo a construción dunha nova ponte, na paraxe hoxe chamada Ponte da Rocha.

Esta zona e, en xeral, as beiras do Sar, eran un punto fixo do paseo de moitas familias compostelás, que se achegaban ben por Santa Marta ben polos pobos e campos de Conxo. Os recontos falan acotío da beleza desta zona, da súa frescura e das tardes de merenda.

11 Río Sar

As ribeiras do Sar na contorna da Rocha conforman un espazo cargado de historia e de gran riqueza medioambiental. Poden verse aínda, no lugar de Fervenza e Ponte Pereda e nos arredores da Rocha, trazas de muíños e, o ao longo do río, vestixios de antigas pontes que delatan unha ocupación antiga e intensiva das ribeiras naqueles

tempos nos que a auga era a principal provedora de forza mecánica.

Ente a Ponte Nova da Rocha e a de Vidán transcorre o tramo chamado, desde a Idade Media, o río da Rocha que conserva, malia a urbanización, algunhas masas dos bosques de ribeira e brañas que conformaban a vella paisaxe.

12 Castelo da Rocha

Iniciouse a súa construción a mediados do século XIII, no tempo do arcebispo Xoán Arias, e foi desmantelado a finais do XV, logo que a destrución irmandiña produciuse nel cuantiosos danos. Foi a mellor e máis grande fortaleza da Terra de Santiago e desde ela gobernábase un extenso territorio, chamado o Xiro da Rocha. Tratábase dunha construción grande, con 9 torres no perímetro da cerca e unha torre de homenaxe. Os arcebispos usárona acotío como residencia e nela atopaban acubillo en tempos de conflitos coa cidade. Hoxe aínda podemos ver o arranque dos muros exteriores ou da torre de homenaxe, o foxo e mesmo os centos de bolaños de pedra que precipitaron a súa destrución. Pese a estar arruinada, é doado entrever na súa monumentalidade a admiración que espertaría nas xentes medievais.

13 A Rocha

Este lugar conserva ben viva a memoria do castelo próximo e está unido a el de xeito substancial. Naceu a partir dun casar ou explotación familiar agraria e foi desenvolvéndose ao longo dos camiños co paso dos séculos. Hoxe conserva un trazado urbanístico que lembra esa historia, algunhas vivendas tradicionais coa eira e coa casa pechadas polo valado de pedra, outras co forno recoñecible na súa silueta, a eira con hórreos do tipo Amaía, o lavadoiro e, mesmo, algunha vivenda fidalga.

14 Castrío de Conxo

Neste outeiro que domina visualmente o val do Sar e as rutas de comunicación que o cruzan pódense visitar as pegadas de poboamento máis antigas desta zona. O conxunto arqueolóxico está conformado por unha estación de arte rupestre e un castro, que é o xacemento máis amplo e conserva aínda a traza do seu recinto defensivo. Aquí foron atopados pezas e restos cerámicos que sitúan o asentamento na cultura castrexa.

Na esquina SW está o conxunto rupestre, con diversas representacións entre as que poden distinguirse claramente armas dos primeiros tempos da metalurxia.

15 Monte de Conxo

Noutro tempo, a parroquia de Conxo chegaba ata o Camiño Santiago-Pontevedra (actual N-550), onde morrían a agra de Conxo, a do Castro e o monte de Conxo. Daquel monte e dos espazos agrarios pouco queda xa, sendo este parque e algunhas manchas verdes o testemuño daquel tempo. Este parque ofrece fermosas vistas sobre a parroquia de Conxo e conserva os restos dunha antiga canteira municipal, da que se sacou pedra para moitas rúas compostelás e mesmo para a fachada da igrexa das Ánimas. Hoxe homenaxea a memoria de Luís Pasín, veciño deste barrio e senlleiro defensor das liberdades e dereitos cidadáns.